



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Telef.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

28/08/2009 - O Concello de Zas promociona o galego entre o mundo asociativo

O tecido asociativo do concello está conformado por máis de medio cento de entidades que abranguen os ámbitos da cultura, do deporte, das asociacións veciñais, etc

O Concello de Zas, en colaboración coa Deputación da Coruña, creou recentemente un Servizo de normalización lingüística co obxectivo de incrementar os usos e o prestixio da lingua galega en todos os seus ámbitos de influencia.

Unha das primeiras campañas postas en marcha dende este servizo está destinada ao mundo asociativo do concello.

Nun primeiro momento realizarase un estudo das necesidades lingüísticas de cada asociación e tendo en conta os resultados proporánselle distintas medidas encamiñadas a incrementar os usos do galego e a calidade lingüística das entidades.

Entre as medidas que barallan dende o Concello están as de fornecer ás asociacións de modelos de documentos en galego, o desenvolvemento de cursos de formación ou a prestación de asesoramento lingüístico.

A campaña está deseñada para que dea os seus froitos a medio prazo e as actividades desenvolveranse entre os anos 2009 e 2010.